



# G ALEGOS NO M INHO

Organização  
FERNANDO GROBA BOUZA  
PEDRO DONO LÓPEZ

20 Anos  
do Centro de Estudos Galegos  
na Universidade do Minho

# O THRILLER XACOBEO NA LITERATURA GALEGA CONTEMPORÁNEA: O PROXECTO TRANSMEDIAL *TRECE BADALADAS*

Xaquín Núñez Sabarís  
Universidade do Minho

**Resumo:** O Camiño de Santiago acadou nas tres últimas décadas unha importante proxección internacional, cun notable impacto turístico e cultural. Como consecuencia, moitas producións artísticas comezan a introducir a temática xacobeá, expresando o carácter lendario, misterioso e máxico de Compostela. Unha delas é *Trece badaladas*, a novela de Suso de Toro, que forma parte dun proxecto transmedial, xunto co filme do mesmo título, estreado no mesmo ano de publicación do libro. A notable recepción de ambas obras constata o excelente comportamento comercial e crítico das narrativas contemporáneas de ambientación xacobeá.

**Palabras chave:** narrativa, transmedialidade, xacobeo, De Toro, novela



A novela *Trece badaladas* de Suso de Toro foi publicada no ano 2002 pola editorial Xerais e presentaba un argumento ambientado na lenda mítica e misteriosa da catedral compostelá. A temática xacobeá, xa de certo relevo social e cultural a inicios do presente século, protagonizaba unha obra que alcanzaba importantes cotas de recoñecemento. Atinxiu un notable éxito de lectores e crítica e proxección alén do campo cultural galego, xa que un ano despois conseguía o Premio Nacional de Narrativa, de ámbito estatal -sendo a segunda obra publicada orixinalmente en galego en acadalo<sup>-1</sup>, e se estreaba a adaptación cinematográfica da novela: *Trece campanadas*.<sup>2</sup>

---

1. A primeira foi *Xa vai o grifón no vento* de Alfredo Conde, en 1986.

2. Mantense o título orixinal en castelán para designar a produción cinematográfica e para facilitar a distinción coa novela.

O eco e a proxección que a obra obtivo sinala algúns aspectos de interese, que se tratarán de abordar ao longo deste artigo. En primeiro lugar, o seu carácter transmedial,<sup>3</sup> xa que a adaptación cinematográfica xorde en paralelo ao texto literario, no mesmo ano en que se publica o libro, contribuíndo considerablemente á divulgación da historia de De Toro, a través dun medio de consumo masivo. Por outro lado, o protagonismo de Compostela como espazo literario evidencia o excelente comportamento da temática xacobeá para proxectarse tanto no campo literario, como no audiovisual. A representación compostelá é levada a cabo nun *thriller* que combina o misterio, o terror e o fantástico, incorporando á novela mecanismos que na literatura galega –e non só– foron maioritariamente cultivados na narrativa breve. *Trece badaladas* continuaba, pois, a narración fantástica e misteriosa que xa fora introducida, en certa medida, na primeira novela do escritor no presente século, *Non volvas* (2000), se ben cun alcance notablemente máis reducido dos aspectos insólitos da trama.

As connotacións históricas e lendarias sobre a cidade e a súa catedral motivan a activación do elemento fantástico, na potenciación do misterio, dentro da estrutura de suspense e terror de *Trece badaladas/Trece campanadas*. O alcance internacional da lenda xacobeá, importante dende finais dos 90, contribuirá ao desenvolvemento desta temática como repertorio recorrente en diferentes obras teatrais, literarias e cinematográficas galegas. A proporcional resposta do mercado e das industrias culturais, dada a internacionalización e institucionalización do Camiño, e a maior aceptación e receptibilidade do elemento fantástico na literatura posmoderna, explican a súa utilización como pano de fondo de varias narrativas (literarias ou audiovisuais) actuais.

A escenografía de Compostela como un espazo máxico, que representa un particular imaxinario colectivo ancorado na lenda secular da cidade, reconfigura o tradicional tratamento do elemento fantástico na literatura galega que residía fundamentalmente no conto literario, con historias procedentes da tradición oral e popular. A temática insólita e misteriosa, de superstición e mitos, é un motivo recorrente nos contos que configuran o canon literario galego. Na maioría deles, o fantástico e misterioso vencéllanse ás historias que se transmiten en vilas e aldeas: tabernas, camiños e feiras son espazos proclives ao insólito. *Xente de aquí e acolá* (Cunqueiro, 1971) remite a estrafalarios e extravagantes personaxes, reflectindo un mundo de connotacións maravillosas como o que

---

3. “En lo que respecta al otro término clave, la transmedialidad, sugerimos usarlo para referirse al hecho de que cada vez más obras tienden a aparecer en varios medios.” (Sánchez Mesa e Baetens 2017: 4)

aparece nos contos de *Dos arquivos do trasno* (Dieste, 1926), ou no mundo mítico, misterioso e ancestral de *Á lus do candil* (Ánxel Fole, 1953). Ou, por exemplo, en *Vento ferido* (Carlos Casares, 1967) que profundiza, igualmente, na fabulación que dilúe a ambientación realista para explorar esa porosa fronteira entre a realidade e a ficción, filtrada pola memoria.

De modo que o espazo urbano e a tradición xacobeá recollen o testemuño da tradición contística para narrar historias que rompían o predominio da orientación realista, hexemónica ata ese momento na novela. *Trece badaladas* -e os galardóns que acadara parecen constatalo- evidencia o fenómeno de normalización do fantástico que se verifica na literatura dos anos 80 e 90, marcada pola “reivindicación de la fantasía y la imaginación frente al realismo social y testimonial” (Roas y Casas 2016: 14)

*Trece badaladas* non será, porén, unha manifestación illada na incorporación de Compostela e a lenda xacobeá. Cómpre referir obras de diverso soporte medial e amplo recoñecemento, como a peza teatral de Vidal Bolaño, *As actas escuras*, ou o filme do director Fernando Cortizo, *O Apóstolo* (2012), o primeiro de animación en técnica *stop motion* en tres dimensións realizado en Europa. Unha trama situada no camiño de Santiago, sobre ancestrais e monstruosas tradicións, que, a través dunha ambientación fantástica, sitúa a temática xacobeá de novo no centro dunha narrativa audiovisual, que tivo un amplo percorrido a nivel internacional, cunha considerable aceptación de crítica e a obtención de recoñecidos galardóns.<sup>4</sup> Cortizo recuperaba para esta narración audiovisual os motivos máis frecuentes da narrativa oral: historias misteriosas dos cruces de camiño, a Santa Compañía e maleficios demoníacos.

Sen dúbida que na proxección exterior destas producións contribuíu a crecente importancia social, cultural e económica que acadou o Camiño de Santiago.<sup>5</sup> En 1987, o escritor brasileiro Paulo Coelho publicaba *Diário de um mago* que relatava as experiencias dun peregrino que percorría o camiño francés ata chegar a Compostela. A novela acumulou un considerable número de vendas e promoveu, notablemente, a divulgación do itinerario compostelán como unha experiencia espiritual e cultural singular. Nese ano, ademais, o Consello de Europa declaraba o Camiño de Santiago como o Primeiro Itinerario Cultural Europeo. A novela de Coelho foi a primeira das varias presenzas de Compostela en producións culturais de alcance internacional. Por exemplo, a

---

4. Por exemplo, o premio do recoñecemento do tribunal na edición de 2012 do Fantasporto: <http://www.fantasporto.com/premiados>.

5. Torres Feijó (2011) analiza diferentes discursos e prácticas culturais sobre o Camiño de Santiago.

película de Martin Sheen, *The way* (2010), sobre a peregrinación a Santiago, ou o capítulo “Demonology” (2009) da serie *Criminal minds*, estreado en España en Telecinco, ese mesmo ano, que remarcaba igualmente a asociación esotérica e misteriosa do Camiño:

Santiago e o Caminho não voltam a ser aludidos por extenso no episódio: eles ficam marcados por título e característica do crime: exorcismo e demonologia, derivação que encontram o seu vínculo de credibilidade no mundo religioso, esotérico e ocultista que se está redeseñando sobre o Caminho de Santiago e Santiago de Compostela. (Torres Feijó 2009: 428)

Contribuíu igualmente a aterraxe en Compostela de figuras recoñecidas do mudo do deporte, a política ou a cultura e a proxección que lle darán ao itinerario compostelán. Por exemplo, a iniciativa do actor Bob Odenkirk, famoso polo seu papel nas series televisivas *Breaking Bad* ou *Better call Saul*, que percorría varios tramos do Camiño, era recollida en diversos medios de comunicación.<sup>6</sup>

A referencialidade destas producións constata o excelente comportamento da temática xacobeá a nivel internacional, sempre cun marcado compoñente de misticismo e espiritualidade, ás veces explorando o horroroso e terrorífico. De modo que escritores e produtores galegos percibiron a xanela de oportunidades que se ofrecía para a proxección da súa obra nun mercado cada vez máis global: a temática compostelá ofrecía esa perfecta conxunción entre as historias autóctonas e as pautas de recepción globais.

Este impulso veu, ademais, acompañado da promoción cultural e turística que a Xunta de Galicia realizou desde o ano santo de 1993, cunha intensidade descoñecida ata o momento, convertendo Compostela nun destino turístico e cultural de relevo. En consonancia coa múltiple acción institucional, foron promovidas diversas iniciativas culturais que terían un considerable impacto na redefinición dos repertorios artísticos sinalados. Por exemplo, a creación do Certame Camiño de Santiago de Teatro Profesional, en cuxas bases se indicaba que debía ser unha obra relacionada coa temática xacobeá. A obra premiada, na segunda edición de 1994, foi o drama de Roberto Vidal Bolaño, *As actas escuras*, xa mencionado. Malia á posición do dramaturgo, central no sistema teatral galego, e a boa crítica da obra, non chegaría a representarse polo

6. O *Faro de Vigo* (12-4-2017) facíase eco da noticia e o programa *Late motiv* de Andreu Buenafuente, emitido o 17 de abril de 2017, incluía unha entrevista co actor que relatava a súa experiencia.

Centro Dramático Galego ata o ano 2009 con dirección de Xulio Lago, debido, en parte, aos conflitos que o escritor compostelán tivera coa administración autonómica galega e os consecuentes vetos. Facilitaba tamén a aposta nese momento pola produción dramática o éxito que a temática xacobeá estaba a alcanzar, como xa foi referido.

*As actas escuras* é un drama ambientado en Santiago e que mestura personaxes históricos e de ficción para recrear o episodio da redescuberta dos restos do apóstolo en marzo de 1879. O cardeal Miguel Payá y Rico ordena unhas escavacións no altar maior da catedral de Santiago de Compostela, na procura dos restos do apóstolo Santiago, achados polo historiador compostelán López Ferreiro, séculos despois de que a tumba fora ocultada polo arcebispo San Clemente, en 1589, para defendelo dos ataques de Francis Drake.

A personaxe principal é Don Mauro, veterano historiador e dominico, amigo do cardeal Payá. Chega a Compostela, pola antiga estación de Cornes, procedente de Madrid para certificar a autenticidade dos restos. Acompaña o seu sobriño Casiano, de ideoloxía liberal, que traballa como historiador na Biblioteca Nacional de España. A partir de aí, sucédense personaxes e intrigas da curia compostelá, máis interesada en manter a lenda apostólica que de entregarse aos fundamentos científicos que achega Don Mauro. A pugna decimonónica entre ciencia e relixión represéntase nesta peza teatral para crear un drama urbano e coral, que pon de relevo o alcance do mito xacobeo na construción da cidade.

*As actas escuras* aborda a historia da catedral e Santiago de Compostela como espazo máxico, proclive á intriga e ao misterio, en formas semellantes ás popularizadas por Umberto Eco ou Dan Brown. A intertextualidade cinematográfica, frecuente no teatro de Vidal Bolaño, tamén contribúe a adoptar mecanismos que sabía comúns noutros medios artísticos, consecuentes coa súa pretensión de dotar de universalidade as historias que se contaban desde a literatura galega. *As actas escuras* abunda nos antigos secretos e enigmas da cidade milenaria, que esconden as paredes da basílica:

#### XX - NOS TELLADOS DA CATEDRAL

Nas grades de pedra que fan de teito á nave central. As campás comezan a dar os cuartos e por un bo cacho CASIANO e XAN DE NARTALLO só acertan a se entender a berros. O da carauta de coiro traballada é coma outra vela despregada máis entre as moitas que balizan esa nao ancorada que é a Catedral.

CASIANO: Customume descubrir que vivía aquí, nos altos da mesma Catedral.

XAN DE NARTALLO: Nos altos ou nos baixos, a min o que me custa é vivir. Nesta cima ecoan demasiadas voces. Soben polos corredores e retumban nas cúpulas todas poñendo en boca dos cóengos e dos santos maldades sobre a condición da xente e de min. Aquí un oe o que nunca queredría oír e sabe máis das receitas con que se cociña o mundo do que cabe na cabeza de quen non tivo outra maldade que a de querer traballar ben a pedra.

CASIANO: E que se está a cociñar agora, Nartallo?

XAN DE NARTALLO: As voces que se escoitan do hoxe falan moi baixiño, tanto que nunca sei ben o que din. Sempre de segredos incógnitos, de trampas, de traizóns. Saben que non somos deles. (Vidal Bolaño 2013: 248)

A figura monstruosa de Xan de Nartallo remite indubidablemente ao Quasimodo de Víctor Hugo, nas moitas referencias intertextuais e intermediais que abundan na escrita vidalbolañiana. Ao igual que o dramaturgo compostelán, Suso de Toro tamén se apropia en *Trece badaladas* do xogo metaficcional, sinalando as explícitas semellanzas do argumento da novela e os ecos místicos de Santiago co *thriller* relixioso:

–En realidade, este cornecho de Europa estaba conectada xa antes co resto de Occidente, e aquí había crenzas e ideas que ían e viñan, como as de Idacio, Prisciliano, Baquiario, Orosio, Martiño de Dume... O cristianismo era máis ancho antes cá suma actual das súas igrexas, estaban os gnósticos, os que crían na divinización do home...

–Xa, xa, todo ese asunto. Como *O nome da rosa*. Unha boa película, con moita produción, iso si. Claro que con Sean Connery...

–Está ben, está moi ben, pero eu prefiro centrar a nosa película no presente. Que aquel pasado no que cabía o misterio atinxe ao noso hoxe. (Toro 2002: 90)

A historia responde a estas coordenadas, que en ton irónico e metaficcional advirte a novela. Xacobe, o protagonista, recibe a visita de Celia, unha escritora que lle propón un guión para producir unha película. O argumento comeza a parecerse de maneira inquietante á vida de Xacobe, que se ve atrapado cada vez máis nunha espiral enigmática á que termina arrastrando a Celia. Detrás dos misterios que enredan o protagonista están os segredos milenarios da catedral e a atribulada vida do seu creador, o mestre Mateo, cuxos monólogos mostran o tormento dunha voz de ultratumba que aparece para castigar e reparar a inxustiza. Xacobe, nacido o día que as badaladas soaron trece veces, resulta atinxido polo maleficio do mestre, cuxa sabedoría fora castigada e o

seu fillo enterrado fóra da catedral. A reaparición do arquitecto para vingar a súa afronta fai que escolla a Xacobe como o encargado de executar os seus propósitos. O maleficio imponse sobre a personaxe, que termina suicidándose.

Non resulta casual o recurso á metaficción intermedial que se ofrece na novela, pois introduce o proxecto literario e audiovisual que está na orixe de *Trece badaladas* / *Trece campanadas*. A pesar do importante nivel de recoñecemento da novela, a súa adaptación cinematográfica non representa un dos diversos exemplos da transmisión do éxito do texto literario a outros soportes mediais. Neste caso, o produto literario e o audiovisual saíron practicamente ao mesmo tempo:<sup>7</sup>

La película de Xavier Villaverde *Trece campanadas* comenzó a rodarse cuando aún no había aparecido en las librerías la novela de Suso de Toro *Trece badaladas* (cuya primera edición es de marzo de 2002); y se estrenó en enero de 2003, pocos meses después de que se publicase (en octubre de 2002) su traducción *Trece campanadas*. Es decir, que la fabricación de ambos productos ha sido prácticamente simultánea, en un proceso de gestación bastante complejo y dilatado. (González Herrán 2004: 27)

A nota introdutoria do autor imita o artificio cervantino da edición dun manuscrito que lle chegou –de Celia, unha das protagonistas- e o texto da novela introduce alusións á película que terminaría dirixindo Xavier Villaverde, convertendo o proxecto *Trece badaladas* nunha iniciativa de carácter transmedial:

-Pois gustoume o teu argumento –dixo á fin. Mais o ton con que o expresou parecía dicir o contrario-. Mesmo se podería pensar en facer unha serie de TV. Hai que darlle aínda moitas voltas, por suposto. E haberá que buscar coprodución, seguramente aos de Continental lles interese. Podía dirixila o Xavier Villaverde... E podería coproducila unha cadea de TV. Xa veremos. (Toro 2002: 88)

De feito, a idea inicial do proxecto era un guión para unha serie televisiva de trece capítulos, ambientada en Santiago de Compostela nos anos 70 e centrada nas revoltas estudiantís (Rivero Grandoso 2012). O cambio de ton resulta moi revelador dos repertorios dominantes na literatura galega. Do predominio do enfoque realista e social e a preferencia pola temática que remitía ao período

---

7. Suso de Toro e Xavier Villaverde explican en González Herrán e Tarrío Varela (2002) o inicio do proxecto e o proceso que vai dende o guión televisivo á longametraxe e novela.



ditatorial, ábrese a outras historias e xéneros, no que a conxugación de misterio, relixión, fantasía e Compostela será cada vez máis importante.

A combinación do suspense coa ambientación sacra está moi presente en *Trece badaladas* e o sobrenatural irrompe nun contexto de absoluta normalidade: un produtor cinematográfico de éxito e unha escritora que parten dun encontro de traballo na cidade. Pero enseguida aflora o enigma das trece badaladas que terminará envolvendo os personaxes e illándoos da rutina da cidade para proxectalos no mundo de misterio que emerxe da cidade santa. A nota inicial do autor/editor destaca esta apropiación do Santiago real:

Eu non son quen para afirmar que o que se conta é unha pura invención nacida da imaxinación da autora ou se tomou pé en algo que ocorreu na cidade. O que sei é que, mentres lía a súa novela, pisei nun mundo misterioso e tétrico, e o seu relato foi tan vívido que agora desconfiarei para sempre do que gardan as sombras e as pedras da miña cidade, tan dadas por certo a atraeren os temporais. (Toro 2002: 8)

A adaptación cinematográfica da novela de De Toro altera substancialmente a idea inicial. Jacobo (Juan Diego Botto) chega de Arxentina a unha Compostela da que se ausentou hai anos, sabemos que por un episodio dramático: a morte do seu pai, o famoso escultor da catedral, Mateo (Luís Tosar). Este último, como a sombra da novela, aparéceselle constantemente para esixirlle que remate a súa obra inconclusa na catedral. Jacobo volve aos brotes psicóticos, que herdara da súa nai, internada nun psiquiátrico. O amor de María, unha amiga da infancia, adaptación da Celia novelística, termina salvando de dous suicidios e a deriva autodestrutiva guiada por Mateo.

*Trece campanadas* aposta polo *thriller* de terror, onde o elemento fantástico queda moi diluído respecto da novela, xa que todo termina tendo unha explicación psicolóxica: só Jacobo e a súa nai conseguen ver a fantasmagórica aparición de Mateo, talvez por non superar nunca o seu asasinato. Atribuído inicialmente á nai de Jacobo, saberase finalmente que foi el mesmo. Incluso o misterio das trece badaladas se explica agora polo bloqueo que Jacobo sente durante unha hora, tras matar o seu pai, enlazando a duodécima hora coa primeira do día seguinte, creando o efecto das trece. O final feliz que apunta -a relación idílica que Jacobo ten co seu fillo, materializada nunha secuencia paralela á que motivou o asasinato do seu pai- vai encamiñada a satisfacer o final esperado da audiencia masiva que persegue a produción cinematográfica. De modo que a liberdade na adaptación que Xavier Villaverde se atribúe no prólogo do guión non só afecta a aspectos da trama, senón á orientación da historia, adoptando “un enfoque radicalmente

distinto en cuanto a la propia concepción de los conflictos: mágico (o sagrado) en De Toro, psicológico (o psicopatológico) en Villaverde” (González Herrán 2004: 28). De feito, Villaverde reconece que no filme queda máis diluído o elemento mítico, máis presente na narración de De Toro, en detrimento da trama de suspense ao redor das personaxes principais:<sup>8</sup>

Suso nos dejó para empezar a escribir su novela *Trece campanadas*. Nosotros nos replanteamos el trabajo, alejándonos del mito y actualizando la historia para hacerla más cercana. Para ello nos centramos más en el conflicto personal de Jacobo, un joven escultor con los miedos y emociones de tantos otros jóvenes a la búsqueda de una identidad. Novela y guión fueron distanciándose cada vez más y, como dice Suso, de una misma semilla crecieron dos árboles. (Royo, Pozuelo e Villaverde 2003: 9)

O proxecto audiovisual conformaba, polo tanto, esta particular produción transmedial, cuxa narrativa xogaba cos elementos máis máxicos e misteriosos da historia compostelá. A proxección, que tanto a novela como o filme tiveron, constata, tal como defendido ao longo destas páxinas, a recorrencia da temática xacobeá en propostas narrativas contemporáneas, absorbindo, dende o punto de vista cultural e artístico, a enorme referencialidade internacional acadada polo Camiño de Santiago nos últimos trinta anos.

## Referencias bibliográficas

- GONZÁLEZ Herrán, José Manuel (2004): “Dos árboles de una misma semilla: *Trece badaladas*, de Suso de Toro / *Trece campanadas*, de Xavier Villaverde”, *Ínsula*, nº 688 (abril), pp. 27-29.
- GONZÁLEZ Herrán, José Manuel e TARRÍO Varela, Anxo (2002): “Encuentro en Compostela con Xabier Villaverde e Suso de Toro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 27, pp. 237-261.
- RIVERO Grandoso, Javier (2012): “De *Trece badaladas* a *Trece campanadas*, ou de como dun argumento xurdiron unha novela e unha película. I”, *Madrygal*, vol. 15, pp. 131-138.
- (2013): “De *Trece badaladas* a *Trece campanadas*, ou de como dun argumento xurdiron unha novela e unha película. II”, *Madrygal*, vol. 16, pp. 87-93.

8. Tamén é verdade que houbo circunstancias da rodaxe que puideron influír na configuración definitiva do guión: “Os motivos (da negativa da curia) non os sei, pois na película non hai nada sacrílego nin nada. Pero ben, o que si había era unha reticencia de cara ao proxecto, iso era evidente, e iso fixo reformular novamente, por enésima vez, un guión que se distanciou bastante...” (González Herrán e Tarrío 2002: 140)

- ROAS, David e CASAS, Ana (2016): *Voces de lo fantástico en la narrativa española contemporánea*, Málaga, E.D.A.
- ROYO, Curro, POZUELO, Juan Vicente e VILLAVERDE, Xavier (2003): *Trece campanadas. Guion cinematográfico*, Madrid, Editorial Ocho y Medio - Libros de Cine.
- SÁNCHEZ Mesa, Domingo e BAETENS, Jan (2017): “La literatura en expansión: intermedialidad y transmedialidad en el cruce entre la literatura comparada, los estudios culturales y los *new media studies*”, *Tropelías. Revista de la Literatura y Literatura Comparada*, nº 27, pp. 6 – 27.
- TORRES Feijó, Elías (2011): “Discursos contemporáneos e prácticas culturais dominantes sobre Santiago e o Caminho: a invisibilidade da cultura como hipótese”, en António Apolinário Lourenço y Osvaldo Manuel Silvestre (coords.), *Literatura, Espaço, Cartografias*, Coimbra, Centro de Literatura Portuguesa – Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, pp. 391-450.
- VIDAL Bolaño, Roberto (2013): *Obras completas. Volume II*, Santiago, Positivas.
- TORO, Suso de (2002): *Trece badaladas*, Vigo, Xerais.

O presente volume constitúe unha máis dunha serie de iniciativas coas que quixemos conmemorar 20 anos (algo máis do que iso, na realidade) do Centro de Estudos Galegos na Universidade do Minho, que comezou a funcionar no outono do ano 1997 ao abrigo dun protocolo coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia. A publicación inclúe contribucións de persoas e institucións que foron e continúan a ser importantes na historia do CEG, representando a todos aqueles que colaboraron ou contribuíron dunha ou doutra maneira nas actividades e propostas do Centro. Recolle, igualmente, unha serie de estudos da responsabilidade de colegas que se quixeron sumar a esta celebración, ben como dos antigos lectores deste Centro ou dos lectores e lectoras dos diferentes Centros de Estudos repartidos polo mundo.



XUNTA  
DE GALICIA



Universidade do Minho  
Centro de Estudos Galegos

CEHUM

Centro de Estudos Humanísticos  
da Universidade do Minho